

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

nº 11 (2015).-BLANCO PRADO, J. Manuel: O Santuario do Cebreiro. Etnorituais e ofrendas

© J. Manuel Blanco Prado

Artigo publicado orixinalmente en *Croa*, 2015, nº 25

O fenómeno relixioso popular tenta dar solución a necesidades non satisfeitas polo sistema relixioso oficial; polo tanto, fronte á linguaxe conceptual do sistema oficial, que é inintelixible para a xente sinxela, a relixiosidade popular tende de cara a outras linguaxes baseadas na sensibilidade e na imaxinación. Como produto da sensibilidade proxectámonos de cara a algo singular, concreto e tanxible, reflectido nas imaxes, e símbolos de entidades divinas. Como produto da imaxinación



prolifera as narracións e lendas, que son instrumentos de transmisión oral de diferentes eventos relixiosos. Estes novos modos de percepción do sagrado están máis cercanos ao corazón que ao entendemento. En consecuencia, a relixiosidade popular aparece máis como a expresión de aqueles que senten e ven, que de aqueles que saben e coñecen. Así mesmo, este fenómeno relixioso amosa un claro compoñente pragmático en canto que se fundamenta nun mutuo intercambio de favores. (...)

continuar lectura)

BLANCO PRADO, J. Manuel: O Santuario do Cebreiro. Etnorituais e ofrendas (PDF)